

**Orde do día** dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 25 de xaneiro de 2013, ás DOCE HORAS.

## **ASUNTOS**

### **Actas**

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 12/12 do 21 de decembro.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 20.401 á nº 22.642 de 2012 e da nº 1 á 600 de 2013.

### **Comisión de Infraestruturas viarias: vías e obras provinciais**

3.-Aprobación definitiva da desafectación da superficie de 578,60 m<sup>2</sup> sobrantes ao modificarse o trazado da EP 5004 como consecuencia da execución das obras contidas no proxecto complementario do proxecto de pavimentación con MAC en DP 5004 Casal de Arriba á Feira do Tres PQ 5,34-9,46 (Miño) e permutar con Adolfo Bonome Pena e Enrique Bonome Rivas, a parcela sobrante cunha superficie de 578,60 m<sup>2</sup> resultado da modificación de trazado da DP 5004 como consecuencia do cambio de trazado que supuxo a execución das obras comprendidas no proxecto, adquirindo a Deputación unha parcela cunha superficie de 578,93 m<sup>2</sup> segundo plano que figura no expediente.

### **Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas**

4.-Toma de coñecemento da fiscalización a posteriori dos recursos doutros entes públicos correspondentes ao exercicio 2011.

5.-Aceptación da delegación de competencias en materia tributaria do Concello de Ames.

6.-Aceptación da ampliación da delegación de competencias do Concello de Zas, recadación voluntaria e executiva das sancións por infraccións da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria.

7.-Aceptación da ampliación da delegación de competencias do Concello de Zas en materia de instrución dos expedientes sancionadores por denuncias cursadas polo concello por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria.

8.-Aceptación da ampliación da delegación de competencias do Concello das Pontes en materia de instrución dos expedientes sancionadores por denuncias cursadas polo Concello por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria.

9.-Aceptación da ampliación da delegación de competencias do Concello de Ames en materia de instrución dos expedientes sancionadores por denuncias cursadas polo concello por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria.

10.-Aceptación da ampliación da delegación de competencias do Concello de Negreira en materia de instrución dos expedientes sancionadores por denuncias cursadas polo Concello por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria.

11.-Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Fogar Español de Montevideo, da República oriental do Uruguai, para o financiamento dos gastos de funcionamento do seu Fogar de acollida.

12.-Informe da Tesourería sobre a xestión recadatoria do exercicio 2012.

#### ACTUACIÓN DE CONTROL

#### MOCIÓNS

**-Moción do Bloque Nacionalista Galego sobre as participacións preferentes e débeda subordinada.**

**-Moción do Grupo Popular sobre arbitrase de consumo e canxe de participación preferentes e obrigas subordinadas.**

#### ROGOS E PREGUNTAS